

IES A Basella

Programación anual

Departamento de Francés



Curso 2022-2023

Data	30-09-2022
Versión	Ver 1.0
Tipo	Documentación Departamento

ÍNDICE

	Páx
1. Introducción	3
2. Contextualización	4
3. PROGRAMACIÓN ESO E BACHARELATO	5
3.1. Obxectivos da ESO	6
3.2. Obxectivos do BACHARELATO	8
3.3. Competencias clave na materia de FLE. Perfís competenciais por curso.	9
4. Desenvolvemento das competencias clave e aspectos curriculares para ESO E BAC	15
4.1. Desenvolvemento das competencias clave e aspectos curriculares para 2º ESO	14
4.1.1 Táboas de temporalización trimestral dos estándares coa relación das competencias, do grao mínimo de consecución (GMC) e da ponderación deste con respecto ao peso anual para 2º ESO	19
4.2. Desenvolvemento das competencias clave e aspectos curriculares para 4º ESO	26
4.2.1. Táboas de temporalización trimestral dos estándares coa relación das competencias, do grao mínimo de consecución (GMC) e da ponderación deste con respecto ao peso anual para 4º ESO	31
4.3. Desenvolvemento das competencias clave e aspectos curriculares para 2º BAC	40
4.3.1. Táboas de temporalización trimestral dos estándares coa relación das competencias, do grao mínimo de consecución (GMC) e da ponderación deste con respecto ao peso anual para 2º BAC	45
5. Elementos transversais	55
6. Metodoloxía	55
7. Materiais e recursos didácticos	56
8. Avaliación, cualificación e promoción	58
8.1. Criterios xerais: a) contidos mínimos esixibles e b) criterios de cualificación	59
8.2. Avaliación inicial	64
8.3. Avaliación contínua	64
8.4. Avaliación extraordinaria	65
8.5. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	66
9. Medidas de atención a diversidade	67
10. Actividades complementarias e extraescolares	68
11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas	69

1. INTRODUCCIÓN

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta.

A formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural, na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. . O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia Intergobernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente.

Un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de

comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar.

As materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida.

A materia de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

DATOS DO CENTRO	
Centro:	IES A BASELLA 36019414
Enderezo:	Av. de Galicia nº 3 Localidade: Vilanova de Arousa 36620
Provincia:	Pontevedra
Teléfono:	886151873 ies.abasella@edu.xunta.es

Centros Adscritos: CEIP Xulio Camba e CEIP San Miguel de Deiro, Faro das Lúas e IES A Illa de Arousa

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

Xefa de Departamento: **Iris Falcón Ramos**

Profesora: **M^a Patricia Fernández Barcia**

Iris Falcón Ramos xefa do Departamento impartirá clase nos seguintes cursos: 2º ESO: 6 horas, 3º de ESO: 3 horas, 4º ESO: 3 horas, 1º BAC 4 horas e e 2º BAC: 3 horas. Horas totais: 19

M^a Patricia Fernández Barcia , impartirá clase nos seguintes cursos: 1º ESO: 6 horas

Total horas departamento: 25

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

Características dos distintos grupos:

- 2º ESO: Continúase co proxecto E-DIXGAL. A madurez é maior que en 1º, polo que as estratexias seguirán a ser lúdicas pero menos infantís. Ó igual que en 1º, hai tres grupos.
- 4º ESO: A madurez é a propia da idade do alumno, son xoves interesados e participativos, polo que as estratexias serán lúdicas pero menos infantís. Aquí hai só un grupo.
- 2º BAC Trátase dun grupo con notable motivación onde se percibe a madurez que aportan os anos e a o feito de estar na súa derradeira etapa educativa. Algúns están motivados a cursar a materia en ABAU 2022.

3. PROGRAMACIÓNS ESO E BACHARELATO

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa define o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas.

O currículo estará integrado por:

- a) **os obxectivos** de cada ensinanza e de etapa educativa.
- b) **as competencias**, ou capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- c) **os contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias

- d) **a metodoloxía didáctica**, que abrangue tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos/das docentes
- e) **os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis**. Os estándares son concrecións dos propios criterios e conéctanse coas competencias clave. Son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis e permitir graduar o rendemento ou o logro acadado.
- f) **e os criterios de avaliación** do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa.
- g)

3.1. Obxectivos da ESO

Polo que respecta aos obxectivos de etapa, a ESO contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- m) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- n) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

O ensino da Segunda Lingua Estranxeira nesta etapa ten como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

Comprender mensaxes orais claras e sinxelas, relativas ás situacións de comunicación máis habituais ou que conteñan información básica sobre o contorno próximo familiar e social, producidos por falantes ou por medios de reprodución e de comunicación.

Utilizar oralmente a lingua estranxeira co fin de satisfacer necesidades básicas de comunicación tanto en interaccións reais e propias da aula, como en interaccións simuladas que reproduzan situacións reais cotiás e interaccións sociais básicas, producindo textos comprensibles e mostrando interese por comprender e facerse comprender.

Comprender mensaxes escritas relativas a situacións habituais de comunicación expresadas en diferentes tipos de texto, identificando cunha finalidade comunicativa concreta as informacións globais e específicas que transmiten os textos.

Escribir textos sinxelos con cohesión e coherencia que respecten as regras do código escrito.

Ler de forma comprensiva e cada vez cun maior grao de autonomía textos adecuados aos seus intereses co fin de obter informacións requiridas previamente.

Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación e valoralo como elemento que facilita a aprendizaxe e mellora as producións propias.

Comparar distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando trazos básicos, evitando os estereotipos, e incidindo nos trazos característicos da cultura propia para que esta desempeñe, chegado o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais.

Utilizar estratexias de aprendizaxe aprendidas noutras linguas e desenvolver outras mediante a comparación e contraste entre as diferentes linguas do currículo, aplicando a experiencia previa nesas linguas á aprendizaxe da segunda lingua estranxeira.

3.2. Obxectivos do BACHARELATO

Polo que respecta aos obxectivos de etapa, o BACHARELATO contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3.3. Competencias clave na materia de FLE: Perfís competenciais por curso

A reforma educativa baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, como complemento à aprendizaxe de contidos. Na Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, centrándose naquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo polo que respecta às competencias clave que se consideran prioritarias de cara ao desenrolo do alumnado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre sí en moitas ocasións, un proceso educativo orientado à acción, baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que terán que ser demostrados polos alumnos . En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos.

Competencias clave do currículo:

Comunicación lingüística (CCL)

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Competencia dixital (CD)

Aprender a aprender (CAA)

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Contribución da materia á adquisición das competencias clave da etapa.

A materia de Francés como Segunda Lingua Estranxeira contribúe á adquisición da competencia en **comunicación lingüística (CCL)** de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos a citada capacidade comunicativa do alumno. A súa aprendizaxe, baseada nas habilidades comunicativas, contribúe ao desenvolvemento de devandita competencia no mesmo sentido en que o fai a primeira lingua estranxeira e as linguas maternas. A achega da segunda lingua estranxeira ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística é primordial no discurso oral ao adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar, e mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación, interpretando diferentes tipos de discurso en contextos e con funcións diversas.

O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema interno da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

A materia de francés contribúe de xeito esencial ao desenvolvemento da competencia para **aprender a aprender (CAA)** posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral, conferíndolle novas potencialidades e recursos para a comprensión e expresión, facilitando ou completando a capacidade dos alumnos para interpretar ou representar a realidade e así construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións. Esta competencia faise enormemente rendible se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada alumno poida identificar como aprende mellor e que estratexias son máis eficaces. O desenvolvemento de estratexias diversas de aprender a aprender prepara o alumnado de forma progresiva na toma de decisións que favorecen a súa autonomía para utilizar e para seguir aprendendo a segunda lingua estranxeira ao longo da vida.

Esta materia é unha boa facilitadora do desenvolvemento das **competencias sociais e cívicas (CSC)**. As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións pero tamén, en gran medida, son vehículo de transmisión cultural e favorecen o respecto, o interese, a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Na segunda lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas, e, a través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos demais, desenvólvese a

habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, conseguir acordos e, en definitiva, favorece aprender de e cos demais.


As tres competencias que acabamos de citar están en relación directa coa **competencia dixital (CD)**. As tecnoloxías da información e a comunicación ofrécennos a posibilidade de comunicarnos en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que crece cada día. O coñecemento do francés facilita o acceso á información que se pode atopar nesa lingua (á vez que ofrece a posibilidade de utilizala na comunicación persoal a través do correo electrónico ou en intercambios con mozos doutros lugares), creando contextos reais, comunicativos e funcionais de interacción oral e escrita. Así mesmo, e na medida en que a lingua estranxeira esixe o contacto con modelos lingüísticos moi diversos, a utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia, e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

O currículo de francés inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais e sociais **competencia conciencia e expresións culturais (CEC)** ao propiciar a paulatina aproximación a propias da lingua e dos países nos que se fala; xa que logo, contribúe a adquirir a obras, monumentos, composicións ou autores que contribuíron á creación artística e histórica. Así mesmo, contribúe ao desenvolvemento desta competencia ao facilitar a expresión das opinións, gustos e emocións que producen as manifestacións culturais e artísticas e ao favorecer traballos creativos individuais e en grupo, tales como a procura de información, análise, realización e representación de simulacións e narracións. En definitiva, vehicular a segunda lingua estranxeira ao coñecemento e a apreciación da diversidade cultural a partir de manifestacións artísticas contribuirá ao desenvolvemento da citada competencia.


O coñecemento do francés contribúe á adquisición da **competencia de iniciativa e espírito emprendedor (CIEE)** en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e a toma de decisións respecto da planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Aínda que poida parecer que a materia de francés pouco ou nada contribúe a conseguir a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) a realidade é que a súa achega é importante. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións. Non hai que esquecer a importancia que teñen as metodoloxías baseadas no ensino de contidos non lingüísticos en lingua estranxeira (seccións europeas, seccións bilingües). Os alumnos aprenden a lingua estranxeira facendo e traballando outros contidos, de modo que practican aspectos como o vocabulario específico das distintas ciencias, a descrición de procesos naturais, lecturas comprensivas de textos de contido científico ou proxectos interdisciplinares ou europeos.


Perfis competencials por curso



Com.clave	Nºestándares	Porcentaxe
CCL	22	25,58
CAA	22	25,58
CCEC	20	23,26
CD	19	22,09
CSIEE	3	3,49
TOTAL	86	100,00



Com.clave	Nºestándares	Porcentaxe
CCL	24	21,62
CAA	24	21,62
CCEC	24	21,62
CSC	23	20,72
CD	15	13,51
CSIEE	1	0,90
TOTAL	111	100,00



Com.clave	Nºestándares	Porcentaxe
CCL	28	26,17
CAA	22	20,56
CCEC	20	18,69
CSC	19	17,76
CD	15	14,02
CCSC	3	2,80
TOTAL	107	100,00

4. DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

4.1. Desenvolvemento das competencias clave e aspectos curriculares para 2º ESO.

2º ESO

O decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece os seguintes aspectos curriculares para o 1º curso da educación secundaria obrigatoria.

2º de ESO				
Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: <ul style="list-style-type: none"> – Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto; – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema; – Identificación de palabras clave; – Adaptación da escolta á súa finalidade (global e/ou específica) – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos; – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescollindo o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. ▪ B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula. ▪ B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escolta con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade. ▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativos ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. ▪ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula. ▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. ▪ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que tratan sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD

Bloque 2. Producción de textos orais			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: ▪ – Planificación: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. – Adequación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa ▪ – Execución: <ul style="list-style-type: none"> – Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de sero caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. – Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. <ul style="list-style-type: none"> – Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Modificación de palabras de significado parecido. – Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. – Uso da lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta. – Petición de axuda. – Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Sinalización de obxectos, uso de deicticos ou realización de accións que aclaran o significado. – Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). – Uso de elementos cuasi léxicos (hum, puñ, etc.) de valor comunicativo. ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda e outras, igualmente cotiás moi básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. ▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender. ▪ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repita o dito. ▪ B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortésia máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.5. Presentase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiás (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD

Bloque 3. Comprensión de textos escritos					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou escánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. ▪ B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual. ▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñecementos e experiencias propias da súa idade. ▪ B3.4. Comprende textos propios de situacións cotiás próximas onde se dan a coñecer bens se servizo ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando teña certa dificultade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. ▪ SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. ▪ SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiás e propios da súa idade. ▪ SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE 	
				<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
				<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiás e propios da súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
				<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD

Bloque 4. Producción de textos escritos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. - Execución: <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. - Estructuración do contido do texto. - Organización do texto en párrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "páreceme ben", etc.). - Revisión: <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). - Reescritura definitiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula. ▪ B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal. ▪ B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata. ▪ B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e con formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
SLEB1.3.	GMC.SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	50%	CCL CAA CSC CCEC	
SLEB1.4.	GMC.SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles.	50%	CCL CAA CSC CCEC	
SLEB1.5.	GMC.SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como o formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade, se a persoa interlocutora está disposta repetir ou reformular o dito.	50%	CCL CAA CSC CCEC	
SLEB1.6.	GMC.SLEB1.6. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturadas e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión.	50%	CCL CAA CSC CCEC CD	
BLOQUE 2 PO				
SLEB2.1.	GMC.SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.	50%	CCL CAA CSC CCEC	

SLEB2.2.	GMC.SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.	50%	CCL CAA CSC CCEC CD
SLEB2.3.	GMC.SLEB2.3. Participa en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro ; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou temas de actualidade	50%	CCL CAA CSC CCEC CD
SLEB2.4.	GMC.SLEB2.4. Desenvólvese e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiáns que poden xurdir durante unha viaxe ou estadia noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.	50%	CCL CAA CSC CCEC
BLOQUE 3 CE			
SLEB3.1.	GMC.SLEB3.1. Localiza información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles.	50%	CCL CAA CSC CCEC
SLEB3.2.	GMC.SLEB3.2. Entende o sentido xeral, a maioría dos puntos principais e a maior parte da información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.).	50%	CCL CAA CSC CCEC CD
SLEB3.3.	GMC.SLEB3.3. Identifica parte da información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural).	50%	CCL CD
SLEB3.4.	GMC.SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.	50%	CCL CCEC CD
SLEB3.5.	GMC.SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs,	50%	CCL CD CSC CAA

SLEB3.6.	GMC.SLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estada de estudos no estranxeiro).	50%	CCL CCEC CD
SLEB3.7.	GMC.SLEB3.7. Entende parte da información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.	50%	CCL CD CSC CAA
BLOQUE 4 PE			
SLEB4.1.	SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.	50%	CCL CD CSC
SLEB4.2.	SLEB4.2. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.	50%	CCL CD CAA
SLEB4.3.	SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes sociais.	50%	CCL CD CAA
SLEB4.4.	SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.	50%	CCL CCEC CD CSC
SLEB4.5.	SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais.	50%	CCL CCSC CD
BLOQUE 5 Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe			
SLEB5.1.	SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e tenta utilizar con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	50%	CCL CCSC CCEC
SLEB5.2.	SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa	50%	CCL CCSC CAA

	producción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta.			
SLEB5.3.	SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	50%	CCL CCSC CCEC	
SLEB5.4.	SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	50%	CCL CCSC CAA	
SLEB5.5.	SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia.	50%	CCL CCSC CCEC	

5. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais establecidos no currículo estarán presentes na nosa materia. Obviamente, lugar preferente ocuparán tanto a CL (comprensión lectora) como a EOE (expresión oral e escrita) xa que os alumnos deben expresarse en francés tanto de forma oral como por escrito e comprender textos de distintas naturezas. Lugar destacado teñen as TICs (Tecnoloxías da información e comunicación) xa que favorecen enormemente a implicación dos alumnos na aprendizaxe. Inculcar o respecto pola diversidade cultural étnica e social senta as bases da PV (Prevención da violencia) e unha metodoloxía de tipo cooperativo como a que se implementa nas aulas contribuirá a traballar a EC (Educación Cívica) a través da participación dos alumnos en tarefas comúns e traballos en equipo.

6. METODOLOXÍA

O noso ensino está baseado nun conxunto de estratexias ecléticas que reúnen o uso de aprendizaxe coma a colaborativa, cunha finalidade práctica e comunicativa, ou uso das TIC's, e a proposta de tarefas integradas como retos de autonomía na procura dunha dimensión lúdica-práctica "Savoir.Faire". Todo isto combinado con sesións tradicionais-teóricas de contido ou sistematización, repetición previas e necesarias para a posterior posta en práctica dun idioma estranxeiro, "Savoir". Sempre incluíndo elementos transversais relacionados co "Savoir-Être", insistindo nos valores éticos fundamentais, incidindo e reforzando comportamentos positivos para a comunidade educativa e social. Utilizarase sempre que sexa posible como ferramenta de traballo grupal na aula unha metodoloxía de tipo cooperativo, a procura de potenciar unha metodoloxía activa, o que esixe levar a cabo dinámicas de cohesión de grupo e estruturas cooperativas. As actividades realizaranse ben en parellas ou ben por grupos formados polo profesor segundo criterios que permitan mellorar o rendemento de cada grupo. Con esta metodoloxía, o alumnado non debe só desenvolver actividades e ensino-aprendizaxe mediante a resolución individual de tarefas, ou interactuar exclusivamente co profesor/a, senón que tamén debe interactuar cos compañeiros, pois o desenvolvemento das aprendizaxes dentro dunha estrutura cooperativa potencia as sinerxias e incrementa o nivel de competencia dos membros do grupo.

A combinación de traballo individual e cooperativo estará presente e axudará a respetar os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe. As TIC's serán un instrumento habitual no desenvolvemento diario das clases de FLE. Dende a materia de lingua estranxeira, o traballo da competencia dixital é esencial para a creación de distintos contextos comunicativos: chats, correo electrónico, blogs etc pasando por distintas ferramentas para manexar a información: CD, internet, dicionarios en liña, tradutores etc.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

As clases de Francés impártense nas aulas ordinarias, desdobres ou nas aulas de Informática, cando queremos traballar con Internet, no curso de 2º de BAC.

O noso é un centro integrado no plan E-dixgal en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO, o que implica un emprego intenso das novas tecnoloxías na labor cotiá.

Posto que non dispoñemos de aula de idiomas nin de laboratorio, traballamos a comprensión oral a través dos exercicios das editoriais de Edixgal, exercicios de Internet, CDs dos métodos e doutros documentos sonoros orixinais seleccionados polos profesores en función dos intereses dos alumnos: informativos, entrevistas, publicidade... e, por suposto, cancións (sempre tan ben acollidas). Tamén emprégase a aula virtual. Cada día xorde máis material.

Todo este material ponse a disposición dos alumnos de tal modo que é posible traballar tanto na aula como na casa (se algún alumno necesita revisar ou insistir sobre estas actividades) e flexibilízase moito o ritmo de traballo, podendo ser adaptado as necesidades de cada un. E, aínda que a comprensión dunha película é tremendamente complicada, tamén empregamos o cine porque motiva moito ós rapaces.

As actividades on line non están so encamiñadas a traballar a comprensión oral senón que permiten realizar exercicios de todo tipo (léxico, sintáctico, morfolóxico, etc).

O feito de contar coa pizarra dixital, con ordenador e canón nas aulas permite enfocar certos aspectos dun xeito máis lúdico e dinámico. Por exemplo, pódese presentar o vocabulario con imaxes, proxectar esquemas, buscar inmediatamente un dato que se descoñece, etc.

Ademais dos materiais on line, empregamos textos e exercicios de tipo estrutural ou outros de moi diversas procedencias para complementar os manuais se así o consideramos apropiado, sempre buscando clarificar, dinamizar, amenizar e consolidar o traballo dos nosos alumnos e alumnas.

Os manuais empregados son:

2º e 4º da ESO van traballar con Edixgal. O alumnado deste niveis contarán con libros electrónicos proporcionados pola Consellería de Educación, traballaremos con NETEX, propostos na plataforma MODELO EVA dentro do proxecto E.DIXGAL, evolución do Abalar en 2º e con EDEBE en 4º, aínda que se procede, pódense empregar as outras editoriais.

2º BAC: Editorial Santillana “ C’est à dire 2 lycée”. Como no caso de 1º , este método emprégase como referencia, pero traballárase con outros materiais do nivel A2-B1 como as probas tipo DELF.e cos documentos semi-auténticos atopados na rede en calquera soporte:escrito, oral, papel ou dixital citados anteriormente. Tamén con modelo de probas de ABAU.

A biblioteca do centro ofrece ao alumnado certo número de lecturas en francés adaptadas ó seu nivel, tanto na biblioteca de aula como na de referencia.

O Marco Común de Referencia Europeo para as Linguas (MCREL) é unha descrición de competencias lingüísticas en seis niveis: A1, A2, B1, B2, C1e C2. Os contidos de francés para secundaria

corresponden cos niveis A1 e A2, mentras que no 2º curso de bacharelato, coa LOE, se alcanzaba o nivel B1. Os indicadores redactáronse para axudar tanto a estudantes como a profesionais da educación a normalizar os procedementos de avaliación. Non obstante, coa implantación da LOMCE, mermada gravemente a carga horaria, o nivel que se poderá alcanzar no pasaporte de linguas previsto polo MCREL será inexorablemente menor.

O Portfolio, proposto polo Consello de Europa, é unha carpeta que gardan os alumnos na que se detallan as súas experiencias en relación coas linguas e a aprendizaxe das mesmas. Inclúe a lingua materna do alumno, así como calquera outra lingua coa que teña entrado en contacto. O portfolio consta de:

- A experiencia do alumno

- Os actos de comunicación nos que é capaz de expresar.

O portfolio é polo tanto unha ferramenta de autoavaliación coma unha testemuña dos progresos e do que se ten aprendido.

8. AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

8.1. Criterios xerais.

Vanse traballando diferentes estándares por trimestres, que nalgúns casos se repiten dun trimestre a outro; dende o primeiro, ou do segundo ao terceiro trimestre. Traballaranse pois os cinco bloques aos que van asociados determinados estándares de aprendizaxe, con diferentes procedementos e instrumentos de avaliación detallados xa anteriormente.

Para a avaliación no **ensino presencial e semipresencial** terase en conta:

- Observación sistemática por parte da profesora
- Observación das libretas e caderno de exercicios
- Exercicios orais e escritos sobre as unidades traballadas
- Traballos individuais
- Controis trimestrais en BAC e por unidades na ESO, con relación ás tres avaliacións
- Traballos individuais
- Pequenas conversacións fluídas
- Documentos audiovisuais
- Textos de ABAU
- Exposicións orais
- Lecturas
- Xogos
- Conversacións estilos rôle-play

Para a avaliación no **ensino non presencial** terase en conta:

- Observación sistemática do traballo (intervención para facer preguntas, libreta mediante foto)
- Rexistro de actividades do alumnado no foro na aula virtual, por e-mail e Edixgal
- Participación activa na aula virtual
- Entrega das tarefas específicas pola aula virtual, Edixgal, email
- Exercicios online sobre as unidades traballadas
- Traballos individuais (entregados pola aula virtual, email etc
- Cahier d'exercices mediante foto
- Texto de ABAU

a) **CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

2º ESO

UNITÉ 0:

As formas de presentarse. Adxectivos calificativos. Adxectivos posesivos. Verbos da 1ª conxugación, presente. Verbos usuais. Interrogación: onde? como? cando? Léxico da vestimenta, partes do corpo, material da clase, transportes. A descripción física. Números 0-100

UNITÉ 1:

A presentación: *c'est e il/elle est*. Os verbos pronominais. *Tu/vous*. Adxectivos masculinos e femininos. Os adxectivos demostrativos. O lugar do adxectivo. Negación: *Plus, rien, jamais*. A descripción. Profesións, nacionalidades

UNITÉ 2:

O artigo partitivo e cantidades determinadas e indeterminadas. Expresión *VENIR DE+* cidade, país. Conxugación de *VENIR*. Preguntar e dar un itinerario. O imperativo. Adverbios de localización. A preposición *CHEZ*. Os determinantes posesivos. Os plurais irregulares.

UNITÉ 3:

O *présent progressif*. Expresións de frecuencia. Indefinidos *tout, toute, tous, toutes*. Verbos *DEVOIR e VOULOIR*. Comparativo e superlativo. O *passé récent*. Unha alimentación equilibrada e hábitos saudables. Vocabulario de deportes, alimentación e ocio. As horas (repasso)

UNITÉ 4:

Preposicións con cidades, países, rexións. Contraccións de, à. *Futur proche*. Conxugación de *SAVOIR*. Expresións *il y a / il fait*. Numerais ata 1000. Vocabulario da climatoloxía. *Le futur simple*, Hipótesis de futuro (si-presente-futuro). Expresións para dar opinión, argumentar e supor. Vocabulario das viaxes.

UNITÉ 5:

Expresións da prohibición e permiso: *on peut, on ne peut pas, Il est interdit...* Verbo *PRENDRE*. Interrogación (introducción). Léxico sendeirismo. Flora e fauna. Expresións da oposición e restricción (*mais, cependant...*) Dar consellos con *Il faudrait/on devrait*. Interrogación V/S. Expresións de causa, finalidade e consecuencia

UNITÉ 6:

Introducción au *passé composé, sen corcondancias*. Participios regulares e máis usados. Verbos conxugados co auxiliar *ÊTRE*. *Le passé composé* explicado en afirmativo e negativo con *AVOIR e con ÊTRE*. O valor futuro do presente. Normas de puntuación. Tratamentos para a saúde. Ordinais de 100-1000

4º ESO

UNITÉ 1

Le futur proche, DONT, QUI, QUE, OÙ, NE----QUE, la consequence et la cause, l'amour, décrire le petit copain idéal.

UNITÉ 2

Le verbe DEVOIR+infinitif, l'obligation et l'interdiction, exprimer l'opinion, les complétives à l'indicatif, la cause, EN, Y, Á, DE. Les parents, exprimer la colère, Les ados: le conflits

UNITÉ 3

C'EST/ CE SONT, la place des adjectifs, Le subjonctif. Le collègue, la fac. le personnel, le prof et l'élève.

UNITÉ 4

L'impératif, le pronom de quantité EN, l'interrogation, l'interrogation avec des prépositions, le pronom interrogatif LEQUEL, et le pronom indéfini TOUT. La lecture, appréciations sur les livres, genres, les photos

UNITÉ 5

Les 3 formes de l'interrogation, le pronom de lieu Y, le subjonctif des verbes irréguliers, les complétives : subjonctif ou infinitif. Localisation d'un lieu, époque, la ville et la campagne.

2º BAC

UNITÉ 1

Révision: présent de l'indicatif, futur simple, imparfait, les adverbes et sa place. L'apparence physique, les vêtements, le caractère. Faire le portrait d'un ami. Consoler, encourager. Exprimer l'ignorance. Exprimer la certitude. Féliciter

UNITÉ 2

Le passé composé. Les pronoms relatifs simples. Les activités quotidiennes. Incidents. Réparations. Tâches ménagères. Prendre et donner rendez-vous. Proposer, demander et refuser de l'aide.

UNITÉ 3

L'imparfait- L'opposition imparfait/passé composé. Le plus que parfait. Les âges de la vie. Les liens de parenté. Loisirs et scolarité. Décrire et situer dans le passé. Féliciter

UNITÉ 4

L'expression de lieu. Le futur antérieur. La négation. La restriction. Aménagement urbain. Changements personnels. Demander des informations et des précisions. interrompre quelqu'un.

UNITÉ 5

Le subjonctif présent. La comparaison. Le superlatif. Les émotions. Les qualités et les défauts. Exprimer la joie, la tristesse, la colère, la peur, la surprise. Consoler

UNITÉ 6

Les pronoms interrogatifs. Les pronoms démonstratifs. La cuisine. Recettes. Faire une appréciation sur un plat. Exprimer l'opinion.

UNITÉ 7

La cause. Le but. La conséquence. Le progrès. Paysages et écologie. Exprimer l'accord et le désaccord. L'environnement

UNITÉ 8

Le conditionnel présent. La condition. L'hypothèse. Les nouvelles technologies. Achats et service après-vente. S'excuser. Se justifier.

UNITÉ 9

Le temps et la durée. La double pronominalisation. Le travail.

UNITÉ 10

Adjectifs et pronoms indéfinis. Le discours indirect. Culture. Littérature, musique, arts de la scène. Exprimer les goûts et les préférences.

b) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Tendo en conta do carácter contínuo, formativo e individualizado da avaliación, será posto en valor o progreso realizado polo alumno. As cualificacións faranse nos seguintes termos que irán acompañados dunha expresión numérica de 0 a 10, sen décimas: Insuficiente (0,1, 2, 3, 4), Suficiente (5), Ben (6), Notable (7, 8) e Sobresaliente (9, 10). A nota final de cada Avaliación será o resultado da aplicación dos criterios seguintes na proporción que aparece no cadro de abaixo.

Dende o principio o alumnado saberá que as puntuación outorgadas serán sempre sobre 10 puntos e de que o feito de non asistir a un exame ou proba prevista e anunciada previamente terá que ser debidamente xustifico e debe obedecer a un motivo razoable. Así mesmo a falta de puntualidade a unha proba avaliadora tamén esixe unha xustificación en debida forma. O alumnado que teña perdido o dereito á avaliación polas faltas de asistencia, realizará un examen trimestral.

Para a **nota final**, dada a natureza da materia de progreso en espiral, que é un continuo no que os contidos vistos en cada unidade reaparecen e vanse acumulando de xeito que ó final do curso é necesario empregar elementos estudados durante todo o ano, consideramos que os resultados acadados nos distintos trimestres non deben ter o mesmo peso no cálculo da nota final. 1º trimestre: 30%, 2º trimestre: 30% e 3º trimestre: 40%.

Os redondeos só se aplican a partir de 0,6 cara arriba, sempre a partir dun 5. É imprescindible ter superados tódolos trimestres, no caso de non acadar o resultado final positivo nun ou varios trimestres, a profesora decidirá se lle fai un exame final para recuperar a materia, dependendo da actitude do alumno ao longo do curso. No caso de non superar a materia en xuño, teñen a convocatoria extraordinaria tamén en xuño, xa que a de setembro desapareceu.

ENSINO PRESENCIAL

Estándares de aprendizaxes	Instrumento	Criterios de Cualif.	Criterios de corrección	Nota	Comp.
Os correspondentes de cada bloque	Probas escritas: Gramática e vocabulario + E.É	20%	Proba escrita na que xustifique o coñecemento da lingua e vocabulario Respecta as porcentaxes adxudicadas a cada destreza	2	As correspondentes a cada bloque
	C.É	20%	Escribir textos, redacións, correos.... Entender textos, mesaxes....	2	
	Probas orais: C.O	20%	Comprender o que escoita,	2	

	E.O	20%	videos,cancións, mensaxes Falar co profesor ou compañeiros´manter conversa	2	
	Observación clase	20%	Control exercicios, tarefas, aula virtual, participación, comportamento	2	
TOTAL		100%		10	

SEMI PRESENCIAL

A valoración é a mesma. Terase en conta os traballos realizados tanto na clase como na casa e deixarase para avaliar o oral, cando corresponda o ensino presencial.

NON PRESENCIAL

A valoración cambia, pois a nivel oral, facer unha proba a todo o alumnado vai ser complicado, así que vai primar o traballo a nivel escrito, exame, exercicios, redaccións, polo tanto quedaría 60% escrita, 20% oral e traballos, entrega en prazo e calidade 20%.

- Confinamento individual do alumno e por un tempo reducido: o alumno cumprirá as mesmas condicións que os alumnos presenciais dado que se considera que o alumno continuou realizando as tarefas de clase a través da aula virtual. Se fose posible, o alumno realizará a proba na súa volta ó centro en vez de vía telemática. No caso de non poder ser, fariáselle a el só telematicamente.
- Confinamento individual do alumno e por un tempo prolongado: o exame ou proba será adaptado ás tarefas que se lle envíen o alumno a través da aula virtual dado que a ausencia prolongada dificulta a súa aprendizaxe. Coma no caso anterior, se pode asistir ó centro, será presencial, senón telemática.

Con fin

	EXCELENTE	BO	SUFICIENTE	INSUFICIENTE	SEN ENTREGA
ENTREGA DE TAREFAS 50%	Entregou todas as tarefas no prazo estipulado. 1	Entregou boa parte das tarefas (75%) no prazo estipulado. 0,75	Entregou a metade das tarefas no prazo estipulado. 0,5	Entregou poucas tarefas no prazo establecido. 0,25	NON entregou ningunha tarefa das propostas dende o estado de alarma. 0
CALIDADE DAS TAREFAS 50%	Entregou as tarefas coidando a presentación e cumprindo os requisitos establecidos. 1	Entregou a maior parte das tarefas coidando a presentación e/ou cumprindo, case sempre, cos requisitos establecidos. 0,75	Entregou algunhas tarefas ás veces incompletas ou sen coidar a presentación. 0,5	Entregou algunhas tarefas, pero incompletas e/ou sen coidar a presentación e cumprir os requirimentos. 0,25	Entregou as tarefas copiadas dun compañeiro. 0

amento xeralizado por peche do centro educativo: avalíaranse os traballos, tarefas presentadas, ou probas segundo os criterios da táboa

Para os casos de CONFINAMENTO XERAL POR PECHE DO CENTRO EDUCATIVO:

- 60% da nota final virá da puntuación obtida: nas probas de comprensión escrita (15%), de produción escrita (20%), as probas de expresión oral (15%) e comprensión oral (15%). No caso que se poidan facer. Senón, avalíaranse as probas que se teñan, variando a porcentaxe que lles será comunicada.
- 15% corresponderase coas tarefas que o alumno entregará durante o período de confinamento. Esta parte avalíarase utilizando a seguinte rubrica na que a puntuación máxima é de 4 puntos:

	EXCELENTE	BO	SUFICIENTE	INSUFICIENTE	SEN ENTREGA
ENTREGA DE TAREFAS 50%	Entregou todas as tarefas no prazo estipulado. 2	Entregou boa parte das tarefas (75%) no prazo estipulado. 1,5	Entregou a metade das tarefas no prazo estipulado. 1	Entregou poucas tarefas no prazo establecido. 0,5	NON entregou ningunha tarefa das propostas dende o estado de alarma. 0
CALIDADE DAS TAREFAS 50%	Entregou as tarefas coidando a presentación e cumprindo os requisitos establecidos. 2	Entregou a maior parte das tarefas coidando a presentación e/ou cumprindo, case sempre, cos requisitos establecidos. 1,5	Entregou algunhas tarefas ás veces incompletas ou sen coidar a presentación. 1	Entregou algunhas tarefas, pero incompletas e/ou sen coidar a presentación e cumprir os requirimentos. 0,5	Entregou as tarefas copiadas dun compañeiro. 0

8.2. Avaliación inicial.

A proba de Avaliación Inicial consistirá nunha proba escrita que avaliará estándares dos bloques 1, 2, 3, 4 e 5 e terá validez á hora de valorar a aprendizaxe dos alumnos no primeiro trimestre. A elevada ratio de alumnos por grupo dificulta enormemente a avaliación inicial da produción oral. Neste caso será a observación na aula a que proporcionará información ao profesor sobre cada alumno. O feito de traballar con alumnos que xa se tivo anteriormente facilita esa observación. Outros métodos a empregar para avaliación poden ser unha ficha/cuestionario elaborada polo profesor, un exame do curso anterior etc.

Hoxe en día en case todos os métodos de lingua francesa, a partir de 2º da ESO, aparece unha unidade 0, que é un resumo do dado no curso anterior: vocabulario, gramática, comprensión escrita e oral e expresión escrita. Os exercicios relacionados con esta unidade tamén serven para facer unha avaliación do que se lembran. Os resultados desta avaliación inicial permitirán reforzar o traballo daqueles estándares doutros niveis que non presentan un grao mínimo de consecución por parte do alumnado. Como reforzo, o profesor/a pode empregar exercicios de varios tipos: unir columnas preguntas/respostas, corrixir erros, completar palabras, responder verdadeiro/falso etc. Ás veces, tamén resulta moi interesante que sexan eles mesmos os que corrixan o exame, xa sexa o deles ou dun compañeiro, e que se avalien, pois danse de conta mellor dos erros.

En 2º de bacharelato, a avaliación inicial adoita ser mediante a comunicación, presentándose ou presentando a outro compañeiro, e traballando as catro competencias, é dicir comprensión oral e escrita e expresión oral e escrita. A maioría do alumnado xa vén do curso anterior. Pode darse o caso, por circunstancias especiais, que non o deran en 1º, polo que é importante saber cales son os seus coñecementos. Como xa expliquei no apartado de pendentes, seguirán as súas normas. Este curso hai un alumno.

8.3. Avaliación continúa.

Ao longo de cada avaliación realizaranse distintas probas escritas, tanto de comprensión como de produción escrita, gramática e vocabulario; así como de comprensión oral (exercicios de “écoute”) para medir o progreso do alumno na superación dos estándares de aprendizaxe, a produción oral avaliarase a través da observación diaria e de probas específicas así como a través de probas de lectura e exposicións.

Utilízanse todo tipo de **ferramentas de avaliación** (rúbricas, listas de cotexo, probas escritas, orais,...) e todas elas terán o mesmo peso á hora de trasladar o traballo diario nunha nota numérica. É imprescindible obter unha media de 5 na nota final de cada avaliación para superar a materia, se unha avaliación está suspensa debe ser recuperada na convocatoria ordinaria de

maio o una extraordinaria de xuño se fose necesario. Redondéase á alza a partir de 6 décimas, sempre que a nota sexa superior a 5.

Existirán, tamén, actividades de reforzamento e ampliación para o alumnado que o precise. Tamén se farán actividades propostas ó longo do curso segundo as necesidades dos alumnos con resultados a ter en conta na avaliación sumativa.

Dentro da observación do traballo na aula valorarase a súa implicación na realización das actividades propostas, a súa perseverancia na súa progresión na aprendizaxe así como a súa colaboración cos compañeiros desde un punto de vista colaborativo. A porcentaxe queda da seguinte maneira:

2º, 4º da ESO, 2º de BACH

Comprensión escrita	20%
Expresión escrita	20%
Comprensión oral	20%
Expresión oral	20%
Traballo na aula	20%

8.4. Avaliación extraordinaria.

Este ano, a convocatoria extraordinaria realizarase no mes de Xuño na data indicada pola Xefatura de Estudos do centro, convocarase unha proba extraordinaria que permitirá superar a materia a aquel alumnado que non o fixo na convocatoria ordinaria de xuño. Basearase nunha proba escrita e oral na que terán que amosar un coñecemento suficiente dos contidos mínimos. A cualificación final dependerá do resultado da proba escrita e a oral que se realizará e que constará dos mesmos bloques que ó longo do curso pero a valoración das porcentaxes cambian algo por non valorar aquí a actitude.

INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	CRITERIO CUALIFICACIÓN%
EXAME: - E.É - C.É	25%

- C.O - E.O	25%
	100%

8.5. **Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**

O departamento de FLE articulará o procedemento de recuperación de materias pendentes. A tal efecto, o alumnado que teña a materia pendente poderá superar a materia de dous xeitos distintos:

1. Aqueles alumnos que cursan francés no presente curso
 - a) Mediante avaliación continua:
 - a.1 Cada trimestre realizarán unhas actividades de recuperación que a profesora lles entregará e que entregarán nun prazo determinado. A nota trimestral será a nota acadada nestas actividades. A entrega será condición indispensable para poder aprobar. O traballo será corrixido polo profesor e entregado ó alumno. Co fin de aclarar dúbidas ou de explicar aquilo que o alumno precise, os membros do departamento estarán a disposición do alumnado durante o horario establecido pola Xefatura de Estudos.
 - a.2 Se nos dous primeiros trimestres acadaron unha nota satisfactoria na asignatura de francés do presente curso e ademais teñen aprobadas as actividades de recuperación deses dous primeiros trimestres, se entende que teñen a asignatura pendente aprobada.
 - b) Mediante Exame.

Esta modalidade aplicarase ós alumnos que non aproben a segunda avaliación do curso no que está matriculados e non presenten as actividades.

Neste caso, fará as actividades de recuperación para o terceiro trimestre e un exame no mes de maio sobre as actividades. O resultado final, será a media das dúas notas.

Tamén se aplica este criterio para os alumnos de 2º de BAC que non cursaron francés en 1º de BAC e que este ano deben facelo por mor dos horarios das outras materias e de escollida forzosa. Se tamén suspende, falaríase co interesado/a para intentar facer una recuperación da pendente e se suspende, ou non se presentase ós exames, a materia seguirá pendente ata a convocatoria

extraordinaria de setembro. Normalmente, isto non soe suceder, xa que ó ser una materia optativa, ó alumnado gústalle.

2. Aqueles alumnos que xa non cursan francés:

Realizarán unas actividades de recuperación de comprensión e expresión escrita que a profesora lles entregará e das que darán conta cunha proba, nas datas marcadas pola Xefatura de Estudos. A nota do trimestre é o resultado do 60% da proba e o 40% do traballo. Se entre as dúas entregas aproban, xa non teñen que ir ó exame final de maio, pero se suspenden ou no presentan as actividades, teñen que ir ó exame final e neste caso, sería a nota do exame.

Este curso só hai un alumno con materia pendente.

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A diversidade dentro da aula refírese tanto aos modos de aprendizaxe como ás capacidades do alumnado. O alumnado é diferente sa sexa:

- Alumnos de países con sistemas educativos diferentes
- Alumnos con problemas de aprendizaxe, tanto porque lles custa acadar o nivel ou aqueles que teñen un coeficiente superior, para que non se aburran na clase.
- Alumnos que non deron francés o curso anterior (este ano dáse o caso en 2º e 3º de ESO)
- Alumnos con problemas audiovisuais, psíquicos ou físicos.

Partimos entón, do recoñecemento de que en todo grupo de alumnos existen diferentes estilos, ritmos de aprendizaxe e niveis de motivación, á vez que perseguimos o obxectivo de que, todo alumno participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese. Non todo o alumnado aprende do mesmo xeito, de aí a importancia de variar o tipo de actividades como as técnicas de estudo.

Para responder ante as diferenzas, propomos:

- Atención individualizada sempre co acordo do alumno segundo a dispoñibilidade do profesor (horas da xefatura de departamento, titorías ou recreos)
- Atención dentro da aula con tarefas de apoio. Agrupamentos do alumnado segundo as actividades, intereses e motivación con traballos cooperativos, roles tanto a nivel individual, parellas etc

- Traballo complementario proposto polo profesor para realizar individualmente na casa. Algunha destas tarefas están comprendidas dentro do caderno de actividades do método empregado.
- Utilización de distintas canles de comunicación expresiva: libros, pax. Web, aula virtual, cancións etc.
- Utilización de pluralidade de procedementos e instrumentos de avaliación. Algo que lles gusta moito é a Auto-avaliación.

A atención á diversidade centrarase en:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe
- Metodoloxía personalizada
- Reforzo de técnicas de aprendizaxe: estratexias e autoestima
- Mellora dos procedementos, hábitos e actitudes de traballo

Teremos igualmente en conta que alumnos sen unha gran capacidade como aprendices de linguas poden, con todo, ser bos noutras campos como a arte, as manualidades, a tecnoloxía ou a informática, ou poden ter algunha afección interesante que podemos aproveitar para a clase (manualidades, proxectos, presentacións en power-point, pósteres, organización de coreografías, concertos, procura de informacións)

Temos que dicir que en 2º de ESO de segunda lingua, a administración recolle que o alumnado con grandes dificultades en lingua castelá, galega e/ou matemáticas, estará exento desta materia para así poder dispor de 2 horas semanais de reforzo.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Departamento de Francés ten programadas as seguintes actividades:

Colaboración en proxectos de centro:

- Proxecto TIC
- Proxecto lector
- Proxecto camiñar
- Proxecto Erasmus +
- Proxecto: Activistas polo mundo que queremos (innovación educativa)

Actividades propias da área de francés:

- Proxeccións de películas en versión orixinal subtituladas
- Asistencia a unha proxección de cinema organizada pola Alianza Francesa
- Degustación dos produtos franceses

Conmemoracións

Para informar, motivar a reflexión e despertar a solidariedade ao redor de problemáticas de interese xeral, o departamento de Francés dedicará tempo de análise e comparación intercultural, realizando actividades normais de aula que traten devandita problemáticas globais e colaborando con outras áreas do centro en actividades extraordinarias que coincidan coas seguintes datas:

20 de novembro: Día dos dereitos do neno e da nena

28 de novembro: Día do profesor de francés

10 de decembro: Día dos dereitos humanos

30 de xaneiro: Día escolar da non-violencia e a paz

14 de febreiro: San Valentín

8 de marzo: Día internacional da muller traballadora

1 de marzo: Día para a eliminación da discriminación racial

6 abril: Le poisson d'avril

23 de abril: Día do libro

9 de maio: Día de Europa

11. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PD.

A continuación preséntase a rúbrica que recolle os indicadores de logro que servirán para avaliar tanto o proceso de ensino como a práctica docente.

Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente (indicadores de logro)	Escalas			
	1	2	3	4
Proceso de ensino				
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3. Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual?				

4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5. Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6. Mantí vose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7. Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
10. Dase un peso real á observación do traballo na aula?				
11. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente	1	2	3	4
1. Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Intercálase o traballo individual e en equipo				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral.				
8. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.				
9. Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar.				
10. Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc.				
11. Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas/exames, etc.				

12. Dállese ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos.				
13. Cal é o grado de implicación nas función de titoría e orientación do profesorado?				
14. As medidas de apoio, reforzó, etc establécense vinculadas aos estándares.				

Revisión e avaliación da programación didáctica	Escala			
(Indicadores de logro)	1	2	3	4
1. Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2. Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4. Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5. Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6. Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?				
7. Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8. Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación?				
9. Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10. Asociouse con cada estándar os temas trnsversais a desenvolver?				
11. Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12. Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13. Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14. O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15. Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16. Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				